

RAY BRADBURY
CRONICAS MARCIANAS
MINOTAURO



Ray Douglas Bradbury (1920-2012) foi un escritor estadounidense de ciencia ficción e de misterio. Deuse a coñecer polos seus relatos breves de ciencia ficción, que deron lugar á colección de *Crónicas marcianas* publicadas en 1950. É coñecido sobre todo pola súa novela *Fahrenheit 451* na que se describe un mundo no que os libros están prohibidos e o pensamento crítico é perseguido.

Virán chuvias suaves

A voz do reloxo cantou na sala: tictac, as sete, hora de levantarse, hora de levantarse, as sete, coma se temese que ninguén se levantase. A casa estaba deserta. O reloxo continuou soando, repetindo e repetindo chamadas no baleiro. As sete e nove, hora do almorzo, as sete e nove!

Na cociña o forno do almorzo emitiu un sibilante suspiro, e do seu morno interior brotaron oito torradas perfectamente douradas, oito ovos fritos, dezaseis lisos de xamón, dúas cuncas de café e dous vasos de leite fresco.

-Hoxe é catro de agosto de dous mil vinte e seis -dixo unha voz desde o teito da cociña- na cidade de Allendale, California -Repetiu tres veces a data, como para que ninguén a esquecese-. Hoxe é o aniversario do señor Featherstone. Hoxe é o aniversario da voda de Tilita. Hoxe pode pagarse a póliza do seguro e tamén as contas de auga, gas e electricidade.

Nalgún sitio das paredes, soou o clic dos relevadores, e as cintas magnetofónicas deslizáronse baixo ollos eléctricos.

As oito e un, tictac, as oito e un, á escola, ao traballo, rápido, rápido, as oito e un!“Pero as portas non golpearon, as alfombras non recibiron as suaves pisadas dos tacóns de goma. Chovía fóra. Na porta da rúa, a caixa do tempo cantou en voz baixa: “Choiva, choiva, afástate... zapatóns, impermeables, hoxe... E a choiva resoou zarrapicando a casa baleira.

Fóra, o garaxe tocou unhas campaiñas, levantou a porta, e descubriu un coche co motor en marcha. Despois dunha longa espera, a porta descendeu outra vez.

Ás oito e media os ovos estaban resecos e as torradas duras como pedras. Un brazo de aluminio botounos no vertedoiro, onde un remuíño de auga quente os arrastrou a unha gorxa de metal que despois de dixerilos os levou ao océano distante. Os pratos sucios caeron nunha máquina de lavar e emerxeron secos e relucentes.

As nove e cuarto, cantou o reloxo, a hora da limpeza.

Das goridas dos muros, saíron disparados os ratos mecánicos. Os cuartos poboáronse de animalíños de limpeza, todos goma e metal. Bateron coas cadeiras movendo en círculos os abigotados patíns, fregando as alfombras e aspirando delicadamente o po oculto. Logo, como invasores misteriosos, volveron de súpeto ás covas. Os rosados ollos eléctricos apagáronse. A casa estaba limpa.

As dez. O sol asomou por tras da choiva. A casa erguíase nunha cidade de cascallos e cinzas. Era a única que quedaba en pé. De noite, a cidade en ruínas emitía un resplandor radioactivo que podía verse desde quilómetros a redor.

As dez e cuarto. Os chafarices do xardín viraron en fontes douradas enchendo o aire da mañá con aspersores de luz. A auga golpeou as xanelas de vidro e descendeu polas paredes carbonizadas do oeste, onde un lume quitara a pintura branca. A fachada do oeste era negra, agás en cinco sitios. Aquí a silueta pintada de branco dun home que regaba o céspede. Alí, como nunha fotografía, unha muller agachada recollía unhas flores. Un pouco máis lonxe -as imaxes gravadas na madeira nun instante titánico-, un neno coas mans levantadas; máis arriba, a imaxe dunha pelota no aire, e fronte ao neno, unha nena, coas mans no alto, preparada para atrapar unha pelota que nunca acabou de caer. Quedaban esas cinco manchas de pintura: o home, a muller, os nenos, a pelota. O resto era unha fina capa de carbón. A choiva suave dos chafarices cubriu o xardín cunha luz en ferverzas.

Até ese día, que ben gardara a casa a súa propia paz. Con que coidado preguntara: "Quen está aí? Cal é o contrasinal?", e como os raposos solitarios e os gatos carpideiros non lle responderon, pechara hermeticamente persianas e portas, cunhas precaucións de solteirona que bordeaban a paranoia mecánica.

Calquera son a estremecía. Se un pardal rozaba os vidros, a persiana chascaba e o paxaro fuxía, sobresaltado. Non, nin sequera un paxaro podía tocar a casa.

A casa era un altar con dez mil acólitos, grandes, pequenos, serviciais, atentos, en coros. Pero os deuses desapareceran e os ritos continuaban insensatos e inútiles.

O mediodía.

Un can ouveou, tremendo, no soportal.

A porta da rúa recoñeceu a voz do can e abriuse. O can, noutro tempo grande e gordo, agora osudo e cuberto de chagas, entrou e moveuse pola casa deixando pegadas de lama. Detrás del rillaron uns ratos irritados, irritados por ter que limpar o lodo, irritados pola molestia.

Pois nin o fragmento dunha folla se escurría por baixo da porta sen que os paneis dos muros se abrisen e os ratos de cobre saísen como raios. O po, o pelo ou o papel ofensivos, esnaquizados por unhas diminutas mandíbulas de aceiro, desaparecían nas goridas. De alí uns tubos levábanos ao soto, e eran arroxados á boca siseante dun incinerador que agardaba nun recuncho escuro como un Baal maligno.

O can correu escaleiras arriba e ouveou históricamente, ante todas as portas, ata que ao fin comprendeu, como xa comprendía a casa, que alí non había máis que silencio.

Olfacteou o aire e rabuñou a porta da cociña. Detrás da porta o forno preparaba uns *pancakes* que enchían a casa cun aroma de xarope de arce. O can, tendido ante a porta, olfateaba cos ollos acesos e o fuciño espumoso. De súpeto, botou a correr tolamente en círculos, mordendo a cola, e caeu morto. Durante unha hora estivo tendido na sala.

As dúas, cantou unha voz.

Os rexementos de ratos advertiron ao fin o cheiro case imperceptible da descomposición, e saíron murmurando

suavemente como follas grises arrastradas por un vento eléctrico.

As dúas e cuarto.

O can desaparecera.

No soto, o incinerador iluminouse de súpeto e un remuíño de faíscas subiu pola cheminea.

As dúas e trinta e cinco.

Unhas mesas de bridge xurdiron das paredes do patio. Os naipes revoaron sobre o tapete nunha choiva de figuras. Nun banco de carballo apareceron martinis e sándwiches de tomate, leituga e ovo. Soou unha música.

Pero nas mesas silenciosas ninguén tocaba as cartas.

Ás catro, as mesas encartáronse como grandes bolboretas e volveron aos muros.

As catro e media.

As paredes do cuarto dos nenos refulxiron de súpeto.

Apareceron animais: xirafas amarelas, leóns azuis, antílopes rosados, panteras lilas que brincaban nunha substancia de cristal. As paredes eran de vidro e mostraban cores e escenas de fantasía. Unhas películas ocultas pasaban por uns piñóns ben aceitados e animaban as paredes. O piso do cuarto imitaba un ondulante campo de cereais. Por el corrían escaravellos de aluminio e grilos de ferro, e no aire caloroso e tranquilo unhas bolboretas de gasa rosada voaban

sobre un punzante aroma de pegadas animais. Había un zunido como de abellas amarelas dentro de foles escuros, e o preguiceiro rosmar dun león. E había un galope de okapis e o murmurio dunha fresca choiva selvática que caía como outros casos, sobre o pasto almidonado polo vento.

De súpeto as paredes disolvéronse en chairas de herbas abrasadas, quilómetro tras quilómetro, e nun ceo interminable e cálido. Os animais retiráronse ás malezas e aos mananciais.

Era a hora dos nenos.

As cinco. A bañeira encheuse de auga clara e quente.

As seis, as sete, as oito. Os pratos apareceron e desapareceron, como manipulados por un mago, e na biblioteca oíuse un clic. Na mesía de metal, fronte ao fogar onde ardía animadamente o lume, brotou un cigarro fumarento, con media polgada de cinza branda e gris.

As nove. Nas camas acendéronse os ocultos circuítos eléctricos, pois as noites eran frescas aquí.

As nove e cinco. Unha voz falou desde o teito da biblioteca.

-Señora McClellan, que poema lle gustaría escoitar esta noite?

A casa estaba en silencio.

-Xa que non indica o que prefire -dixo a voz ao fin-, elixirei un poema calquera.

Unha suave música alzouse como fondo da voz.

-Sara Teasdale. O seu autor favorito, paréceme...

*Virán choivas suaves e cheiros de terra,
e anduriñas que virarán con brillante son;
e ras que cantarán de noite nos estanques
e ameixeiras de tremente branco
e paporrubios que vestirán plumas de lume
e asubiarán nos arames das cercas;
e ninguén saberá nada da guerra,
a ninguén lle interesará que terminase.
A ninguén lle importará, nin aos paxaros nin ás árbores,
se a humanidade se destrúe totalmente;
e a mesma primavera, ao espertar á alba,
apenas saberá que desaparecemos.*

O lume ardeu no fogar de pedra e o cigarro caeu no cinceiro: un inmóbil montículo de cinza. As cadeiras baleiras enfrontábanse entre as paredes silenciosas, e soaba a música.

Ás dez a casa empezou a morrer.

Sopraba o vento. A póla desprendida dunha árbore entrou pola xanela da cociña.

A botella de disolvente rompeu e verteuse sobre o forno. Nun instante as chamas envolveron o cuarto.

-Lume! – gritou unha voz.

As luces acendéronse, as bombas vomitaron auga desde os teitos. Pero o disolvente estendeuse sobre o linóleo por baixo da porta da cociña, lambendo, devorando, mentres as voces repetían a un tempo:

– Lume, lume, lume!

A casa tratou de salvarse. As portas pecháronse hermeticamente, pero a calor romperá as xanelas e o vento entrou e avivou o lume.

A casa cedeu terreo cando o lume avanzou cunha facilidade chameante de cuarto en cuarto en dez millóns de faíscas furiosas e subiu pola escaleira. As escorregadizas ratas de auga berraban desde as paredes, disparaban auga e corrían a buscar máis. E os chafarices das paredes lanzaban chorros de choiva mecánica.

Pero era demasiado tarde. En algures, suspirando, unha bomba encolleuse e detívose. A choiva deixou de caer. A reserva do tanque de auga que durante moitos días tranquilos enchera bañeiras e limpou pratos estaba esgotada.

O lume estralou escaleiras arriba. Nos cuartos altos nutriuse de Picassos e de Matisses, como de lambetadas, asando e consumindo as carnes aceitosas e encrespando tenramente os lenzos en negras lascas.

Despois o lume tendeu nas camas, asomouse ás xanelas e cambiou a cor das cortinas.

De súpeto, reforzos.

Das trapelas do faiado saíron unhas cegas caras de robot e das bocas de rego brotou un líquido verde.

O lume retrocedeu como un elefante que tropezou cunha serpe morta. E foron vinte serpes as que se deslizaron polo chan, matando o lume cunha venenosa, clara e fría espuma verde.

Pero o lume era intelixente e mandou chamuscar fóra da casa, e entrando no faiado chegou ata as bombas. Unha explosión! O cerebro do faiado, o director das bombas, desfíxose sobre as vigas en estelas de bronce.

O lume entrou en todos os armarios e apalpou as roupas que colgaban alí.

A casa estremeceu, óso de carballo sobre óso, e o esqueleto espido retorcese nas chamas, revelando os arames, os nervios, coma se un cirurxián arrincase a pel para que as veas e os capilares vermellos se estremecésen no aire abrasador. Socorro, socorro! Lume! Correde, correde! A calor rompeu os espellos como xeos invernaís, temperáns e quebradizos. E as voces xemeron: lume, lume, correde, correde, como unha trágica canción infantil; unha ducia de voces, altas e baixas, como voces de nenos que agonizaban nun bosque, sós, sós. E as voces foron apagándose, mentres as envolturas dos arames estalaban como castañas quentes. Unha, dúas, tres, catro, cinco voces morreron.

No cuarto dos nenos ardeu a selva. Os leóns azuis ruxiron, as xirafas moradas escaparon dando saltos. As panteras correron en círculos, cambiando de cor, e dez millóns de animais fuxiron ante o lume e desapareceron nun afastado río fumarento...

Morreron outras dez voces. E no último instante, baixo o alude de lume, outros coros indiferentes anunciaron a hora, tocaron música, segaron o céspede cunha segadora automática, ou moveron frenéticamente un paraugas, dentro e fóra da casa,

ante a porta que se pechaba e abría con violencia. Ocorreron mil cousas, como cando nunha relojería todos os reloxos dan tolamente a hora, un tras outro, nunha escena de maniática confusión, aínda que con certa unidade; cantando e berrando os últimos ratos de limpeza lanzáronse valientemente fóra da casa arrastrando as horribles cinzas!

E na chameante biblioteca unha voz leu un poema tras outro cunha sublime despreocupación, ata que se queimaron todos os carretes de película, ata que todos os arames se retorceron e se destruíron todos os circuítos.

O lume fixo estalar a casa e deixouna caer, estendendo unhas saias de faíscas e de fume.

Na cociña, un pouco antes da choiva de fogo e madeira, o forno preparou uns almorzos de proporcións psicopáticas: dez ducias de ovos, seis fogazas de torradas, vinte ducias de liscos de xamón, que foron devoradas polo lume e acenderon outra vez o forno, que ruxiu histéricamente.

O derrube. O teito derrubouse sobre a cociña e a sala. A sala caeu ao soto, o soto ao subsoto. A conxeladora, a cadeira de brazos, as cintas gravadoras, os circuítos e as camas amontoáronse moi abaixo como un desordenado túmulo de ósos.

Fume e silencio. Unha gran cantidade de fume.

A aurora asomou debilmente polo leste. Entre as ruínas levantábase só unha parede. Dentro da parede unha última voz repetía e repetía, unha e

outra vez, mentres o sol se elevaba sobre a chea de cascallos fumarentos:

-Hoxe é cinco de agosto de dous mil vinte e seis
hoxe é cinco de agosto de dous mil vinte e seis, hoxe
é...

.....

Hora de ler



Hora de ler

